



Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade

Juan L. Blanco Valdés

Malia ser Manuel García Barros, *Ken Keirades* (1876-1972), un nome menor das nosas letras, a súa longa vida e a súa obra aparecen de tal maneira orientadas á redención dos seus concidadáns mediante a educación e a cultura, que todos os esforzos tendentes á súa lembranza e o mantemento da súa memoria deben ser, como galegos e, aínda máis, como estradenses, benvidos e estimulados. Retomo neste punto palabras escritas hai máis de trinta anos, ao pouco da súa morte, coas que coincido plenamente:

Se ben é certo que a súa obra non acadará un posto cimeiro na bibliografía galega ela é o froito resultante de quen non se deixou vencer de todo polas circunstancias e conservou decote aceso o facho íntimo do seu honesto galeguismo aínda no trebón da máis aceda adversidade¹.

O detalle da peripecia vital do noso autor –coma a de todos os homes e mulleres da súa xeración máis chea de sombras ca de luces– foi xa recollido por Xoán Carlos Garrido Couceiro, quen na obra de significativo título *Manuel García Barros. Loitando sempre*² desenvol-

- 1 Valentín Arias, «Aventuras de Alberte Quiñói, por Manuel García Barros», *Grial*, 41 (1973), pp. 380-381.
- 2 Xoan Carlos Garrido Couceiro, *Manuel García Barros. Loitando sempre*, Edicións Fouce, Lugo, 1995. En 2002, o mesmo autor publicou unha *editio minor* desta obra, con datos e material gráfico anovado: *Manuel García Barros*, Ed. Fervenza, A Estrada.

ve, con riqueza documental e gráfica, o evoluir da súa biografía. Unha biografía marcada, do meu punto de vista, polo desencontro entre as súas aspiracións literarias, e por ende sociais, e as limitacións ineludiblemente impostas pola súa orixe labrega nunha sociedade de forte inmovilismo —orixe por certo á que nunca renunciou e da que se sentía orgulloso—, a súa residencia case permanentemente rural —aloxada pois dos centros do desenvolvemento estético do momento—, a penuria económica e o illamento, estes aínda terriblemente acuciados dende o cataclismo do 36, pois o *Régimen* sepárao do Maxisterio, impedíndolle de por vida —nunha mostra da xenerosidade característica do franquismo— o seu exercicio. A tan negativos factores impuxo Manuel dende moi novo un exemplar voluntarismo e afán de superación que o levan, tras o desempeño de varios oficios, non só a obter por libre o título de Mestre Nacional senón a desenvolver un importante —malia discreto polo seu carácter local— labor xornalístico-literario na Estrada do primeiro cuarto do século XX, o cal, no contexto dunha España efervescente na que proliferaban xornais, cabeceiras e follas de vida máis ou menos efémera sen outro fin ca a política, lle custará máis dun desgusto (pero moi pouco réditos monetarios). Describe a súa entrada no xornalismo dun xeito inxenuo, case coa conciencia de ser un cabeza de turco —retomarei esta idea máis abaixo— pero moi falagado pola expectativa de situarse socialmente nunha esfera superior e gozar do mel da popularidade:

Eu estaba case en xaxún do que era a política e esfagábame aquilo de ir cos señores. Tratábase de avogados, procuradores, médicos, notarios, rexistradores, veterinarios, comerciantes e case todos os curas do distrito. E figurábase que entre tal xente estaría ben situado. E non me limitei a firmar, senón que me metín de cheo no chollo con ese afán, con esa arrogancia irreflexiva que da a inexperiencia. Establecín unha sección dialogada en galego coa que fixen popular, popularísimo o periódico, e me fixen popular, popularísimo tamén eu. Pero, foi pasando o ano, e máis do ano, e de que me pagaran, nin trazas. Había que conquistar o concello; alí habería cartos para todo. E así me engaiolaban. E como lle collera agarimo ao periódico e tamén á popularidade, deixei-me engaiolar³.

3 Garrido Couceiro, 1995: 51.

Naturalmente, Manuel sitúase no bando agrarista, seguidor dos postulados do afouto crego de Beiro –redención social e cultural do labrador, o rei da natureza– e contrario ao caciquismo, en terra estradense representado polo Marqués de Riestra⁴. O semanario *El Estradense*, que nace o 15 de decembro de 1906⁵, constitúese en portavoz do agrarismo fronte a *La Voz del pueblo*⁶, voceiro do partido contrario. Da temperatura na rivalidade entre os dous bandos dá mostra o agarimo co que o anónimo articulista de *El Estradense* se refire a *La Voz del Pueblo*:

Os arranques noxentos dun órgano oficial, dese papelucho infame, escrito na taberna por catro perdidos, e que non ten outra misión que a de inxuriar á xente honrada, mentir descaradamente e adular aos chupadores do suor do pobre⁷.

Pola súa banda, os partidarios do riestrismo, na vila representado por Faustino Ulloa e Miguel Nine, axiña *descobren a pluma de Ken Keirades detrás de Fabricio e Fabio*⁸ e *empezan os contra-ataques contra el [...] Acúsano fundamentalmente de ser pobre e de escritura con deficiente corrección gramatical, vendido por dúas pesetas aos señores Losada e Espinosa*⁹, referíndose a el «como pobre diablejo»¹⁰.

4 Garrido Couceiro, 1995: 47-84.

5 O periódico ten dúas épocas: na primeira, que abrangue os números 1 —de 15.12.06— ao 108 —de 9.9.09—, leva dúas cabeceiras: *Periódico semanal* (núms. 1-78) e *Semanario Agrícola Social. Director Gerente: M. García Barros* (núms. 79-108). A refundación do periódico é de 1918, baixo a dirección de novo de García Barros. Cfr. Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega. 1800-1986*, Eds. do Castro, 1990, p. 407 e 520.

A colección completa (108 números) da primeira etapa deste periódico, probablemente cedida polo propio García Barros a Mario Blanco Fuentes, foi doada por quen subscribe ao Museo do Pobo Estradense en 2003.

6 Segundo Santos Gayoso, *op. cit.*, p. 352 e 412 fundado orixinalmente en 1898 e refundado en 1906.

7 *El Estradense*, 35 (10.8.07). Citado por Garrido Couceiro, 1995: 55.


8 Algúns dos pseudónimos cos que —visto o teor do seu labor xornalístico— loxicamente Manuel agochaba a súa identidade: *Fabricio Claridades, Fulminante, Fabio Lucio, M. Garcés Barroso, Xan da Ulla, Juan Verdades*, e o máis famoso de todos, que o escritor adoptou como propio: *Ken Keirades*. Garrido Couceiro, 1995: 52.

9 Miguel Losada, pai de Antón Losada Diéguez, e Laurentino Espinosa, líderes do bando contrario ao riestrismo.

10 Garrido Couceiro, 1995: 52-53.



Foto familiar coa que García Barros agasallou a Mario Blanco, xuíño de 1957.



Nas condicións dunha pequena vila como A Estrada dos albores do século non é difícil imaxinar os tintes e evolución dunha rivalidade desta natureza. En opinión do dirixente agrarista local Pedro Varela Castro, alcalde entre 1917 e 1920 e director do periódico *El Eco de La Estrada* –no que, por certo, non deixa de ser un notable exercicio de ponderación e autocrítica na súa condición de correlionario de García Barros–:

Hubo en La Estrada, allá por los años de 1906, 907 y 908, dos semanarios titulados Voz del Pueblo y Estradense, que pertenecían a otros tantos grupos políticos. Se enredaron esas publicaciones en una campaña sañuda rivalizando en la injuria y en la insidia estrellándose en contiendas mezquinas de personalismos y vidas privadas. Fue una faena de triste recordación de la que se cosecharon muchos odios, aún no extinguidos del todo¹¹.

Ao aceptar a responsabilidade do xornal é significativa a asunción por parte de García Barros do ingrato papel de cabeza de turco

11 Pedro Varela Castro, *La Estrada*, Tipogr. El Eco de Santiago, 1923, p. 117.

co que os *señores* da vila á vez que exercían na sombra unha dura oposición aos seus rivais safábanse das posibles sancións. Con todo, segundo Garrido Couceiro,

Ken Keirades non se resignou a ser un home de palla, e os seus ataques contra o caciquismo de Ulloa e Nine eran feroces denuncias do sistema político que pariu a estes dous señores. Ademais, *El Estradense* ofrecíalle a oportunidade de publicar as súas composicións literarias¹².

Do meu punto de vista, non é doado determinar cómo operaba en Manuel este xogo de forzas opostas, bastante representativo, polo demais, de moitas figuras da época. Por unha banda, ben sabía que a súa extracción o excluía do estrato dos *señores* —por moi progresistas que fosen politicamente, plenamente conscientes no social da súa xerarquía— de xeito que, coma el mesmo recoñece no treito citado máis arriba, os eventuais problemas derivados do seu labor á fronte da publicación compensábaos coa integración, ata certo punto, no círculo dos ilustrados burgueses locais. Por outra banda, en efecto, como encanar as súas arelas literarias e aspiracións culturais nunha vila coma A Estrada de entón? As páxinas dun periódico local eran un camiño limitado, si, pero un camiño a fin de contas. De feito, será nas páxinas de *El Emigrado*¹³ onde van aparecer os «contiños da terra» que logo o autor

12 Garrido Couceiro, 1995: 52..

13 Co subtítulo «Órgano de las sociedades de emigrados y de agricultores» era un semanario aparecido o 15.9.20 e dirixido dende a súa fundación por García Barros. Segundo Santos Gayoso (*op. cit.*, p. 534) *cesa en 1940 por dificultades oficiales obvias*. Cfr. tamén D. Vilavedra (coord.): *Diccionario da Literatura Galega, II, Publicacións periódicas*, Vigo, Ed. Galaxia, 1997, s.v. *Emigrado, El*.

Nunhas notas mecanografadas, e inéditas, tituladas *La prensa periódica en La Estrada* Mario Blanco Fuentes apunta: *Hubo en La Estrada una excepción a la prohibición de cualquier tipo de publicación ajena a la prensa del Movimiento y fue la del veterano «El Emigrado» que, suspendido al comienzo de la guerra civil —como todos— reanudó su publicación gracias a la poderosa intervención del Centro Gallego de La Habana a quien el Régimen quería atraer a su órbita, sustrayéndola a la de los republicanos españoles y especialmente gallegos que lo dominaban [...] Pero, como un escudo o salvaconducto, en un ejemplar que poseemos de «El Emigrado» de 31 de marzo de 1938, núm. 618, figura bajo el título o cabecera con tipo de letra bien visible: «Propiedad de la Soc. 'Hijos del A. de La Estrada en Cuba'». De ello resulta el carácter apolítico que quiso dársele a esta publicación, la más longeva de todas las estradenses, pues había comenzado en 1920. Sin embargo en varias épocas figuró como director el conocido batallador gallego*

dará ao prelo como libro. Esta natureza local, ao cabo localista, caracteriza, na miña opinión, a obra de García Barros, de pulo literario que, en razón das circunstancias que lle coubo vivir, non foi quen de se desenvolver alén das limitadas marxes do localismo e, como moito, dun enxebrismo de máis mérito tal vez etnográfico ou mesmo antropolóxico ca puramente literario. O propio autor manifesta, no tocante á autogñose da súa obra, recoñecerse máis debedor do pobo, da súa fala, do seu estilo e, en fin, da súa *imago mundi* ca dunha literatura de *grandes escritores* destinada a un público máis ou menos ilustrado. No limiar da primeira edición de *Contiños da Terra* afirma:

«Contiños da Terra» foi o libro galego que millor e mais rápedoo se vendeu, asegun decraración feita pol-o editor a un reportero do «Pueblo Gallego». Isto non foi debido a que "Contiños da Terra" fose un dos mellores libros galegos, que non tivo xamais tal pretensión, pro, si, a que foi escrito pra o pobo, e pensando no pobo, e tamen tendo tino de non estragarlle o gusto a ise mesmo pobo pra quen era escrito. Fóra d'isa parte de púbrico mais ou menos culto e mais ou menos intre-sado por todo o concernente á nosa cultura, que xa iba sendo numerosa, poñédelle a calquera na man un libro dos nosos grandes escritores, e porbabelmente, iralle mirando as follas e acabará por poñelo a unha banda. En troques, poñédelle pol-o do estilo do que se trata e xa non-o deixa; d'aquela man pasa a outra e así corre hastra que se desfaga. D'iste xeito se fixo popular «Contiños da Terra».

En vida, García Barros só editou a colección de contos costumistas *Contiños da Terra*, como dixemos publicados orixinalmente, en sección homónima, nas páxinas de *El Emigrado* e ocasionalmente noutras publicacións (como *Céltiga*¹⁴). O libro editouse no ano 31¹⁵ por Nós –*baixo os auspicios dos estradenses de Cuba e Bos Aires*¹⁶– con notable éxito de público, tal e como o autor constata, de xeito que hoxe a edición é unha rareza. A segunda edición promóvea e sufrágaa o «*Centro Cultural do P. da Estrada*», nova entidade que soupo reco-

Manuel García Barros y tuvo también la influencia de Brea Abades, el exaltado «habanero». En sus últimos años «El Emigrado» fue dirigido, redactado y hecho por el pacífico impresor-propietario de la imprenta «La Artística» don José Otero Abelleira.

14 Garrido Couceiro (1195:159-162) reproduce facsimilarmente o conto *Cousas da Vida* nesa publicación, con ilustración de Castelao.

15 O limiar está asinado en *A Estrada, 1930*.

16 Segundo se indica no limiar da segunda edición.

ller o espírito i-os entusiasmos patreótecos d'aquela inesquecible «Unión Estradense» que tanto deixou feito pol-a súa comarca e por Galiza¹⁷. Ilustrada por Castelao, Colmeiro, Galán, Rodeiro e Virxilio, a edición leva este pé de portada:

1952
Talleres CAPORALETTI HNOS. Santa Fé 472
Buenos Aires

Na páxina 6 indícase:

Esta nova edición de «Contiños da Terra» foi dada a imprenta baixo os auspicios d'a Asociación «CENTRO CULTURAL DEL PARTIDO DE LA ESTRADA» e financiada desinteresadamente pol-o xentil consocio d'a mesma Xosé Fernández Caramés.

Non é a primeira vez, por certo, que en traballos de índole literaria me refiro a este Fernández Caramés, curioso *americano* fillo da freguesía de San Xoán de Liripio, quen establecido como próspero home de negocios na capital arxentina exerceu un notable mecenado cultural en lembranza e homenaxe dos seus paisanos¹⁸.

Canto ao balance crítico de «Contiños da Terra», e na liña do devandito, pouco hai que engadir ao *Diccionario da Literatura Galega*¹⁹:

Ambientados no contorno rural no que sempre viviu o autor, consisten na narración dun caso ou anécdota chocarreira, na que o carácter cómico vén dado pola esaxeración da rusticidade do tipo protagonista. Cun estilo sinxelo e eficaz, evitando o compromiso social explícito por medo a novas persecucións, como advirte no prólogo, as narracións responden á intención de afeccionar o pobo á lectura, rindo as súas propias anécdotas.

17 Idem.

18 Foi, por exemplo, o promotor da volta á terra en 1962 dos restos mortais do poeta de Codeseda Xosé Cabada Vázquez, quen falecera 26 anos antes en terras andaluzas. Cfr. o meu artigo «Otero Pedrayo e Díaz Jácome: dous poemas inéditos», *Boletín Galego de Literatura*, 19 (1998), pp. 139-144. Meu pai coñecía ben a figura de Fernández Caramés e fixo del unha semblanza en «José Fernández Caramés, un estradense descoñecido», *Faro de Vigo*, 25.6.97.

19 D. Vilavedra, *op. cit.*, I. *Autores*, pp. 246-7.

Postumamente –Ken Keirades morre en 1972–, dentro do mesmo ano da súa morte, ve a luz *Aventuras de Alberte Quiñoi* (Eds. Castrelos, Vigo, con limiar de Emilio Álvarez Blazquez), *memorias de infancia e adolescencia nas que se recupera, cunha sucesión de cadros sen desenlace propiamente dito, a vida campesiña da Galicia de fins do século XIX*²⁰. Edición póstuma –permítaseme engadir coma comentario marxinal– que non é máis ca outra manifestación da necrofilia característica da cultura do país: rematada en 1943²¹ terá que morrer o seu autor para que poucos meses despois vexa a luz como libro un manuscrito que levaba 29 anos aletargado. De certo, que parece non haber mérito maior para os recoñecementos colectivos ca a morte.

Tal e como xa se ten recoñecido²², a maior parte da obra literaria de Ken Keirades, se por tal imos entender os *dispersos* publicados no seu día na referida prensa local e outros xornais e os manuscritos ou mecanoscritos do fondo persoal do autor ou doutros fondos, permanece inédita.

* * *

Precisamente como parte do fondo documental de meu pai Mario, que foi cedido ao Museo do Pobo Estradense en 2003, eu retiña no meu poder un pequeno e vello cartapacio de 18 x 25 cm, dotado de fitas de seda para anudárense e pechalo, cun rótulo coa mención –de man de meu pai, escrita en tinta azul de estilográfica, como acostumaba–: *Papeles de Manuel García Barros*, e nos lados verticalmente 16-11-1876 (á esquerda), 12-4-1972 (á dereita). O cartapacio contén un conxunto heteroxéneo de documentos, que deberán ser axeitadamente catalogados no Museo do Pobo Estradense, a onde quen subs-

20 *Ibidem*. Cfr. ademais a reseña crítica do libro a pouco da súa edición de Valentín Arias en *Grial* citada na nota 1.

21 O 5 de outubro do 43 escribe: *O que máis o sinto é por non poder imprimir máis que nada a novela «Aventuras de Alberte Quiñoi» que teño feita e que, se non, quedará inédita e probablemente esquecida. E teño para min que será lástima dela*. Citado por Garrido Couceiro, 1995: 180.

22 Manuel García Barros, *As aventuras de Alberte Quiñoi*, ed. de Carlos Loureiro Rodríguez, Xesús Oreiro Pensado, Oleiros, Vía Láctea, 1990, p. 8.

cribe aproveita para anunciar a súa doazón, no convencemento de que é a ubicación idónea para un material de tales características. Con todo, e tendo en conta que nos dispoñemos a exhumar algúns documentos deste pequeno arquivo, non estará de máis proporcionar algunhas referencias do mesmo.

Canto ao soporte material dos documentos hainos de catro clases: manuscritos de puño e letra – letra por certo moi fermosa, regular e de doada lectura, como corresponde a un mestre de escola– do autor; copias en papel carbón de manuscritos; copias en papel carbón de mecanoscritos, e mecanoscritos orixinais.

Trátase, como dicimos, dun elenco variopinto: hai dous mecanoscritos de meu pai sobre temas vencellados con Ken Keirades (*La prensa periódica en La Estrada*²³ e *Sobre «Contiños da Terra» e «Vagalumes»*²⁴); tres subcarpetas de título propio (*Varios, Cartas e Poesías*) que, á súa vez, conteñen diverso material: un epistolario que abrangue de 1956 a 1965; algunhas breves composicións poéticas... O resto son, case todo, escritos de carácter máis ou menos autobiográfico e con diversa tonalidade literaria, a maior parte dos cales levan unha mínima «encadernación» en papel feita por meu pai, co título consignado a man, e, por veces, a data e mesmo algún comentario. Así,



Cartapacio (18 x 25 cm) que contén os papeis de García Barros celosamente gardados por Mario Blanco.

23 Ao que se fixo referencia na nota 13.

24 Xosé M. Cabada Vázquez, *Vagalumes. Versos galegos*, Santiago, Imprenta, Lib. e Enc. do Seminario C. Central, 1931, con ilustración de cuberta, por certo, de Camilo Díaz Balaño.

Unha carta que non foi ó correo. 3 de septiembre de 1955.

Dos meus recordos. Xan da Caseta. Maio do 57.

Xa que son académico... Xulio de 1957.

A miña lembranza ó poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez. Pousada, outono de 1962.

O testamento. Copia que lle dou o Notario e que o Sr. Manuel non quixo levar prá casa para que non se soupera e que me mandou que gardara eu.

Un banquete na Estrada.

Así foi a cousa. Xaneiro de 1956²⁵.

entre outros. A lingua utilizada é invariablemente o galego. Hai, porén, un documento en castelán –que hoxe exhumamos– titulado *Estampa estradense*, mecanoscrito, que no remate ten unha nota marxinal que di:

Este trabajo fue hecho a instancias de la Comisión de festejos del San Jorge [de Cereixo] del año 1945 para reclamo y propaganda de los mismos con la advertencia de que fuera en castellano, y no fue admitido por no resultar del agrado del Sr. Cura. [e logo, manuscrito] según se me ha dicho.

Este, precisamente, é un dos documentos máis antigos do fondo. Ten a seguinte adicatoria manuscrita: *Pra o meu seleuto e respetado amigo D Mario Blanco Torres. Xullo de 1952. Ken Keirades*. Ben puidera ser que Mario Blanco Torres, meu avó, secretario que foi do xulgado da Estrada e significado membro local de Izquierda Republicana, e coetáneo –e con toda seguridade amigo persoal– de García Barros, fose o destinatario da adicatoria. Pero hai un confusión evidente de apelidos (*Torres* por *Fuentes*), xa que Mario Blanco Torres faleceu en xaneiro dese ano 1952.

Isto lévanos a indagar un algo na relación de Mario Blanco Fuentes con Ken Keirades, unha relación baseada no agarimo mutuo e no respecto: aquel refírese invariablemente a este como Sr. *Manuel*, sempre co tratamento de vostede; aquel chamaba a meu pai *Marito* e, naturalmente, o atuaba. Da fondura desta relación fala o propio mimo e coidado na conservación de todos os documentos que

25 Estes dous últimos reproducidos por X. C. Garrido Couceiro, 1995: 63-64 e 171.


hoxe estamos presentando, que Mario recibía do *Señor Manuel* coa reverencia debida non só á diferenza de idade senón, e sobre todo, ao galeguismo compartido en silencio e ao feito de ser García Barros unha vítima máis dun réxime que tiña castigado duramente á familia Blanco. Coincido neste sentido na orientación posibilista que Garrido Couceiro outorga á influencia de Mario Blanco sobre García Barros, propia dun home que, sen renunciar ao seu credo galeguista máis íntimo, amoldouse como puido ás duras circunstancias impostas pola ditadura e tirou para adiante:

[García Barros] por unha banda comparte a postura dos nacionalistas do exilio, pero por outra dálle a razón a Mario Blanco e aos galeguistas do interior que defenden que hai que actuar dentro das marxes que deixa o Réxime en defensa do noso idioma e da nosa cultura²⁶.

Non son quen de situar con exactitude o momento en que o contacto entre Mario Blanco e García Barros se fai máis ou menos periódico e intenso. Non puido ser antes dos comezos da década dos cincuenta, pois entre 1942 e 1950 Mario cursa a carreira de Dereito en Compostela e traballa de pasante no despacho coruñés de Sebastián Martínez-Risco. Unha vez instalado na Estrada (da apertura do seu bufete na vila dá conta o *Faro de Vigo* de 9 de setembro de 1950), si puido iniciar con Ken Keirades unha relación de certa continuidade, tanto epistolar –da que dan mostra as cartas referidas– coma de contacto persoal; as cartas falan con reiteración das visitas que García Barros facía á vila os días de feira, que aproveitaba para visitar ao xove avogado, por veces con referencia a intentos frustrados de velo a causa das moitas ocupacións que a alcaldía –exercida entre 1959 e 1971– lle imponía.

De todo este relativamente estenso fondo, hoxe –en homenaxe e lembranza daquel home bo e xeneroso que foi Manuel García Barros, e tamén da desinteresada amizade que por tantos anos o xun-

26 X. C. Garrido Couceiro, 1995: 179.



Exemplar do poemario *Orballo da Media Noite* (Nós, 1929) de Roberto Blanco Torres, que contén un autógrafo manuscrito de García Barros. A nota mecanoscrita que figura solta dentro do exemplar é, como é obvio, de Mario Blanco. Ambos os textos falan por si sós.

guiu a meu pai—, damos ao prelo tres documentos, sen máis criterio ca o do interese que a cada un deles lle supoñemos.

O primeiro é o mecanoscrito en castelán, ao que xa nos referimos, de título «Estampa estradense», *hecho a instancias de la Comisión de festejos del San Jorge [de Cereixo] del año 1945 para reclamo y propaganda de los mismos con la advertencia de que fuera en*

castellano, e que, como continúa a nota xa citada, non foi do gusto do crego. Por qué? Moi probablemente por vir de quen viña e, aínda, polas explícitas referencias a un *patriotismo* que obviamente debía lerse *galeguismo*, á *raza histórica* ou á *estirpe ancestral*, moi pouco acaídas a un programa de festas e, en calquera caso, moi arriscadas en 1945. Polo demais, é un texto inofensivo, inspirado pola cor local, a paixón pola terra e un bucolismo característico. Curiosa resulta, finalmente, a súa forma pretendidamente dialogada entre unha primeira persoa e un interlocutor –unha muller chamada Consuelo (un trasunto da propia esposa do autor)– que deixa adiviñar as súas preguntas polas respostas do narrador.

O segundo documento é unha copia a carbón dun texto manuscrito titulado *Tipos populares o curiosos estradenses de comezos de século*, que a teor do propio título, non precisa de maior comentario. Sacámolo hoxe á luz na esperanza –feble esperanza dada a lonxanía cronolóxica– de que os retratos que contén poidan ser recollidos por evocacións, obviamente indirectas, dalgún estradense aínda vivo.

Reproducimos, finalmente, outro texto tamén mecanoscrito, catalogado polo autor no subtítulo como *Rexouba*, no ronsel da súa soada columna homónima en *El Emigrado*, e titulado *Filosofía d-un soño*. É un delicioso contiño sobre unha experiencia onírica, cheo de retransca e humor, e tamén dun obvio simbolismo acerca da chegada de tempos de liberdade e democracia. Ten ademais de peculiar estar adicado expresamente e con grande agarimo a Mario Blanco Fuentes nunha folla manuscrita que antecede ao texto.

Que mellor homenaxe aos dous amigos, hoxe lembrados? Vaian estas páxinas por eles, alá onde queira que o seu espírito more, *ex toto corde*.

A reprodución é, folga dicilo, literal. Só o relato en castelán aparece unificado ortograficamente.

Textos

Estampa estradense

¿Te decides Consuelo? ¿Vamos a ir al San Jorge? Mira que este año el programa es atrayente. Comienzan las fiestas el 23 de Abril, día del Santo, y se alargan a los dos domingos siguientes, pero los días en que culminan son: el “domingo de la Carne” que es el primero, y el de las Angustias, que es el otro. El primero con la laureada banda de Lantaño y la ahora renovada de Merza, y el otro con las renombradas de Orazo y Veá. A ti que sé que sabes sentir la música, ya te estoy viendo extasiada ante la afinación, la maestría y el buen gusto con que estas bandas campesinas interpretan las más difíciles partituras. Quisiera que oyeras a Lantaño en “La leyenda del beso” de nuestro insigne Soutullo, obra que le dio el triunfo en un reñido certamen musical.

También dice el programa que habrá gaiteros, de esos que tocan la gaita, claro está, el instrumento típico y “enxebre”, genuina expresión del alma de la Tierra; la gaita dulce y plañidera que Ventura Ruiz de Aguilera, prendida el alma en sus sonos, dudaba de si cantaba o lloraba, a lo que nuestra ínclita cantora la inmortal Rosalía, dolorida de los infortunios de Galicia, afirmó con acento melancólico: “Non canta, que chora”. La gaita de sonos inigualados, envidia de malvises y ruiseñores, que a pesar de vergonzantes desdenes, va conquistándose por su propia virtud, puestos destacados en el concierto de la música universal y solo una lamentable falta de comprensión la va excluyendo de las fiestas populares gallegas.

Pero, volvamos al cuento, Consuelo; es decir: al programa. Habrá, también, misas, muchas misas, y la solemne con orquesta y sermón, y luego la procesión, que es un espectáculo vistoso durante la cual se cantarán mote-tes y alternarán las bandas; y al recogerse, ya verá, Consuelo, como atruenan las bombas y los “cubos”. Se echan a montones; sus estallidos comienzan y no acaban cubriéndose el cielo de humo en caprichosas espirales. Seguidamente comienza el pugilato de las músicas que continuará después a hora avanzada de la tarde y seguirá hasta las mas avanzadas de la noche.

¿Que si hay meriendas? ¡Vaya mujer! ¿Y no ha de haberlas? Allí va gente de muchas partes y de muy lejos. Por el Puente Veá, por el de Sarandón y por el del Ulla convergen potentes “autos” repletos de romeros y romeras haciendo gala muchos de ellos de las aguijadas nuevas que llevan para tocarlas al Santo. Los que vienen por el Puente Veá suelen cruzar esta villa con

algazara de alalás y de panderas. Y a esto hay que añadir los que parten de la villa y otros puntos de la comarca. De la montaña bajan pelotones de devotos, y no digamos ya los que concurren de los contornos. Y al llegar la hora toda esta gente se extiende por la amplia campiña en la que abundan los robles de tupido y fresco follaje y los copudos castaños ya en franca florescencia, a echar los manteles bajo su sombra y sobre el césped de suave blandura, ahora con verdor de primavera, que engalanan las abiertas margaritas y los ondulantes narcisos blancos anunciadores del tiempo de la merienda.

¿Te animas, Consuelo? Mira: tú viniste a La Estrada a tomar los aires, estos aires benéficos que corren saturados con los efluvios balsámicos de los pinos y de los brezos que dan salud y vida. Pues con los aires es bueno tomar además un poco de carretera y todo cuanto se pueda de paisaje. Sé que el paisaje te gusta porque he visto como brillaban tus ojos en la explanada de la Iglesia contemplando la hermosa perspectiva que presentan los valles ribereños al Ulla que cierra y ampara el majestuoso Pico Sagro. ¡Ah! Pues por este lado también tendremos de eso. ¿No has reparado en esa orillada lejanía que arrancando como disparada por la calle, o avenida del Ulla va ampliándose en variedad de matices hasta perderse en las sierras grises de la Rocha? Pues por ahí iremos. Y a pie, no hay que decirlo. El andar a pie es saludable y conveniente. Conveniente, sobre todo para los que tengan, como tú, la fortuna de saber sentir un poco y admirar otro poco las bellezas que la Naturaleza nos pone gratis delante de los ojos. En coche se va de uno a otro lado, pero no se viaja. Yendo a pie, uno se detiene, si le place, y hasta puede apartarse un poco de la ruta para ampliar en lo posible el radio de visualidad. Y a veces vale la pena el hacerlo. Por ejemplo, y sin ir mas lejos, allí abajo, pasado el bosquecillo de eucaliptos del Sixto se encuentra a la derecha una rampa o callejón solitario, que, por serlo, suele no estar muy limpio. No importa; hay que pasarlo, porque, a los pocos pasos surge como por ensalmo un sorprendente panorama. Lo forma un amplio semicírculo cuyo arco va del Pico Sagro casi al Cádavo pasando por La Rocha, encerrando en su curva como un muestrario espléndido de insospechadas bellezas. Ya lo admirarás Consuelo, siendo lástima que los frutales se hayan despojados ya del ropaje níveo de sus flores galanas.

Pero, ahora me doy cuenta. Eso será otro día y a ser posible una tarde, y mejor a mediados de septiembre un día de luna llena; que también podía ser en Marzo si estuvieras tú aquí, para, al venir de vuelta si la noche se presenta serena y clara, detenernos un poco a la entrada de la villa por Villa Brasil y presenciar el espectáculo maravilloso, único que presenta la luna

saliendo, saliendo por detrás de la sierra de La Rocha y elevarse majestuosa, magnífica en la ruta hacia lo alto de los cielos aumentando gradualmente su luz con la que roba a las estrellas. Pero, repito, que será otro día porque el mirador de que te hablé cae mas allá del empalme en que arranca la carretera que lleva al Santuario de la fiesta. Por ella iremos recreando los ojos y el espíritu. A cada vuelta un arroyuelo que murmura su salmodia eterna y quejumbrosa. Al oro de los tojos florecidos sucede el otro oro de los centenos espigados que el viento hace mover en ondas, como en el mar las aguas. Al pie de las robledas y los sotos extienden los prados su alfombra de flores. Ribazos en que agarran sus rizomas núcleos de grandes y fel-pudas hojas, de cuyo centro saldrán los fastuosos sanjuanés. A la derecha y a la izquierda muestran su sonrisa plácida las aldeas de casitas claras que surgen de entre las huertas. Casi a la mano va el Liñares, río de poesía y de truchas sabrosas que hasta de Inglaterra vienen a pescarlas. Orlan sus orillas las espadañas y la madreSelva, los acebos, los sauces y los alisos; olmos, abedules y retamas; fresnos, citisos y el espino albar. En las ramas, de la garza real plácida morada, anidan los petirrojos y cantan los malvíses. ¿Has oído tú el malvís, Consuelo? Pues, ahora es tiempo; luego, se va. Como tú solo viene el tiempo preciso para tomar los aires. Pero, mientras, canta.

Y en los mas espléndido del valle se alza el Santuario con su amplio campo de fiesta, lugar este que hace unos años producía en buena parte maíz, ya ahora, mejor acondicionado produce arte y alegría, cosas asimismo necesarias a la vida, que no sólo de pan vive el hombre.

En un extremo, con el río casi a sus pies como en el Pilar el Ebro, se alza la Iglesia con sus dos altas y esbeltas torres, su graciosa cúpula y su reloj que canta las horas a las aldeas y las parroquias de los contornos. Dentro está San Jorge, “o señor San Xorxe”, como le rezan los aldeanos para que les defienda y ampare los ganados, a caballo, como el Apóstol, y como él, en fiera lucha, con la diferencia notable de que Santiago mata y aniquila moros, que, al fin y al cabo, o sin lo uno ni lo otro, son personas, seres humanos ni mejores ni peores que los de otras razas, y San Jorge embiste al dragón que es un fiera de las más feroces. Y, aún así, no lo hace obedeciendo a sentimientos de odio, ni a ningún fin reprobable, sino que, alimentándose la fiera de doncellas, estas se iban agotando en el país como ahora, por causas diferentes, se van agotando los hombres en el mundo. Para irla entreteniéndolo se dispuso darle una cada cierto período de tiempo, y así yendo, lle-góle el turno a la hija del Rey. Este, queriendo salvar a la princesa, prometi-tiéndola por esposa al caballero que consiguiera matar a la fiera. Y fue cuando

San Jorge montando a su caballo se fue al dragón. Y cuando este abría la boca para acometer, le metió por ella su lanza dejándolo tendido.

¿Que si San Jorge se casó con la Princesa? Mujer, esto no puedo decírtelo de momento, pero, deja, que quizás lo diga el predicador.

A la tarde del primer domingo tiene lugar la subasta de lo recaudado por el Santo. Ya verás que montañas de patas y, sobre todo, de medias cabezas de cerdo. Por eso es conocido también San Jorge (el de Cereijo, se entiende) por *o Santo das cacheiras*. Y, seguido, el baile y concierto musical, durante el cual la concurrencia suele ser tan enorme que sólo a codazos puede uno abrirse paso de un extremo a otro del campo.

Y a la noche, alternando con el baile, se queman fuegos de artificio y se hacen subir globos grotescos de esos que semejan obispos, elefantes o peces gordos. Y por último aparecen esos juegos ingeniosos de la pirotécnica moderna que, disparándose baterías de una y otra parte, cúbrese por largo tiempo el espacio de luces brillantes en sorprendente variedad de colores que se cruzan y entrecruzan produciendo un efecto maravilloso. Y, como apoteosis, aparece en las alturas una estrella, mejor dicho un sol enorme de lucería con rayos luminosos que arrancando del disco y alargándose horizontalmente forman un inmenso paraguas de estrellas que por los bordes va desaciéndose en polvo encendido de oro, de plata, de esmeraldas y de zafir, resumiéndose todo en un tronido de una sonoridad tan intensa que figura que el cielo de viene abajo. Es un espectáculo que sorprende y admira. Tú seguramente habrás visto ya todo esto en las ciudades pero en el campo tiene un encanto diferente. Pero lo que no podremos ver será una cosa: el baile de la “muiñeira”. La muiñeira por que aquí se ve ya no se baila. Es decir: se baila, cuando es eso lo que se toca, pero agarrado, lo que constituye una aberración, una herejía, una deformación de lo natural. La muiñeira es un baile saludable y muestra además el arte y la maestría del bailaror, y todo el mundo gusta de verlo. Y el vals. ¿Qué es? Solamente un poco de rutina, pero una rutina pernicioso. Debido quizá al vals más que a otra cosa, nuestra juventud señala decadencia en varios aspectos. Desde luego, se advierte que va careciendo de aquel brío, de aquella pujanza de cuando usaba el palo y bailaba la muiñeira.

Alguien propuso allá por los buenos tiempos de Galicia que se hiciera algo porque no se perdiera el antiguo baile de castañuelas cuando aún quedaba alguien que lo conocía. Nada se hizo. Y aquel baile varonil, expresión genuina de una Raza fuerte, se perdió. Y sin remedio, porque será muy difícil hallar ya quién lo conozca. ¿No se hará algo para salvar la muiñeira

ahora que aún es tiempo? En estas fiestas grandes en las que tanto dinero se gasta ¿no habría manera de establecer un concurso de baile suelto?

Por patriotismo, por amor a nuestro arte algo debiera de hacerse. Por patriotismo, por amor al arte nuestro, y por higiene. De lo contrario la muiñeira, el baile característico de una Raza histórica, de una estirpe ancestral y gloriosa cual la céltica, se perderá como se ha perdido su antecesor el no menos típico y ancestral baile de castañuelas. Y la culpa no será de las mujeres, porque ellas gustan de bailarla. Pero tienen que hacerlo las unas con las otras, porque los hombres no la saben. Y esto, para los jóvenes de Galicia, y más para los campesinos, debiera ser una vergüenza ¿no te parece?

Perdóname, Consuelo, las disgresiones [sic], pero es que me exalto un poquito siempre que hablo de cosas de mi Tierra por las que siento ese interés natural que se siente por las propias.

¿Qué has dicho? ¿Qué por qué no te hablo gallego entonces? No es por falta de costumbre ni menos porque me avergüence de hacerlo como sucede a tanto mentecato de por aquí adelante que hacen de Galicia el único país del mundo que pueda encontrarse quienes menosprecien insensatamente su propio idioma, si no porque ... circunstancias de momento, ¿sabes?. *Pro, deixa que para outra ves será.-*

Calobre (La Estrada) Abril de 1945.-

M. García Barros

(Ken Keirades)

- (1) Este trabajo fue hecho a instancias de la Comisión de festejos del San Jorge del año 1945 para reclamo y propaganda de los mismos con la advertencia de que fuera en castellano, y no fue admitido por no resultar del agrado del sr. Cura. [a seguir, manuscrito] - *según se me ha dicho.*

Tipos populares ou curiosos estradenses de comezos de século

O primeiro que se apresenta na miña cativa memoria é Barritos. Barritos era oficinista, escribinte, ou escribente, como se decía daquela. De cal oficina, se o soupen, esquecinme, pro coído que o non soupen, porque non me intresaba, nin intresa. Non-o conoscin mais que de velo. Baixote, bulideiro e de poucas falas. Usaba sombreiro de ala curta, cor agrisado, un gabancete tamen agrisado, curteiro, en cuios petos gardaba as mans por costume. E zocos, cousa moi natural, pois daquela, e inda un pouco máis adiante, en canto a lama, pouco máis tiña andar pol-a vila coma polas corredeiras da aldea. Non soupen onde vivía pro debía ser da praza para riba.

A meio día, saía da oficina e íbase a comer. É de supoñer que así fose. Ó tremiñar botábase fóra, e sin pararse con ninguén, collíase rúa da Ulla abaixo hastra sobreparar Vila Brasil, que daquela inda non se chamaba así, e agora non sei se xa tampouco! Logo, viraba en redondo adentrándose de novo na rua e colándose na pirmeira taberna que lle cadrase en man; pedía un vaso, votábanllo, dáballe a volta, pagaba, saía, e zóquele-zóquele, zóquele-zóquele, hastra á seguinte, que repetía esaitamente a operación da pirmeira. E diste xeito as iba levando seguidas sin saltar unha, cruzando dunha aceira á outra cando era necesario hastra a cabeza da vila, e dalí, dreitiño a oficina. Xamais me cadrou de velo parado de parola con ninguén.

Pero eu podó presentar a Barritos en outro aspecto fora do de vaseista e zoqueleador. Naquiles anos, arredor do dous ou do tres publicóuse na Estrada un xornal manuscrito, obra duns cantos que pouquiño mais adiante se habian de revelar tan xurdía e brillantemente no “El Estradense”, preódico que alguén, con autoridá pra facelo, falando dil, aludéuno como “o semanario local mellor escrito de Hespaña”: Miguel Losada, Camilo Pardo, Manuel Leis, Eduardo Ciorraga, e algún outro mais.

Eu tiven na man o devandito preódico, o pirmeiro número, que coído foi o úneco. Do nome, non me relembro, pero, do que me recórdo ben é de ler alí un valentísimo traballo de Barritos que me solprendéu, zorregándolle ó caciquismo noxento que daquela domeñaba, tanto no noso concello como en todol-os demais de Galicia.

Branco, Branquiño, como lle chamaban, non era precisamente da vila, senón de Aguións, parroquia entestante, pero andaba pol-a vila o mais do tempo. Era un suxeto mais ben baixo, rubiote, gordeiro, cara ancha, xa un pouco enrugada, aspecto aseñorado ou de rico vido a menos. Efeitivamente,

seica fora rico, e ben rico, tanto en bens coma en diñeiro. Quizáis fora a America, pol-o menos tiña cara diso. Houberalle collido un gusto especial ós preitos, e metido nils, doulle e doulle hastra quedar sendo Branco, dende logo, pero sen branca. Bens e diñeiro, todo lle voara.

Por costume, ou por non ter outra cousa que facer, diariamente aparecía pol-a vila, cando menos pol-as tardes, a facer feira co aquiles mesmos que uns a favor e outros en contra axudaran todos a liquidalo.

Dunha ves, acordome de estar eu nun corrillo formado o redor duns dos bancos que había na praza no que feguraba tamén Branquiño. Case todos xente de curia. E a un diles acurréuselle preguntarlle: -escoite, Branquiño: se vostede se vira agora, así de súpeto, con todo canto tiña cando era rico ¿Qué faría Vde.?

Aquil home arreguizouse. As roibens das meixelas sobironlle de punto, os ollos xerpos de seu adequerironlle un brillo especial, e dalá do fondo do seu ser saíulle firente, cal frecha disparada a seguinte exclamación:

-¡Ah, canigo! [¡]; Como haría bailar a algunos!

Carmelón era unha muller da rúa; aitiva, falangueira, arrufada. Andaría pol-as beiras dos corenta. Xa non tiña os dentes todos, anque poucos lle faltaran. Daquela, os dentistas aínda estaban pouco en moda ou nada, fora dos que pol-as leira e pol-as prazas sobidos a unhas táboas arricaban moas ou dentes a toque de campaiña. Quitaban, pero non poñían. De xeito que o ver xente desdentada era cousa corrente. E a Carmelón, a carrileira non lle estaba mal de todo. A todo se daba, tamén ila: facer mandados, fregar pisos e escaleiras, sobir auga, e por ahí, tendo bastante quen utilizara os seus servizos. Non tiña roparo, e faciao, con adoito, en acompañar a viaxantes de comercio que, parando na Vila, fixeran algún viaxe a puntos distantes por calquera das carreteras que a cruzan, Codeseda, por exemplo, para levarlle os embrullos, a mostrarlle o camiño, ou prás dúas cousas a un tempo.

Algunha vegada chegaba, ou chegaban, ben tardeiro, xa con noite bastante pecha e cando así falando lle alodían ó caso en ves de noxarse, ríase a escachar levando a broma hastra onde se quixera.

E damos agora con Tiburcio, que me vai a sere o mais difícele de deliñar. Tiburcio, que inda moitos recordarán, era señorito, de familia distinguida, eibado a mitá ó longo, coído que pol-a banda esquerda. A perna dista banda feguraba mais curta que a compañeira, o que o facía andar a brinquiños mais ou menos apurados, asegún a présa que levava, sin necesidá de muleta nin siquera de bastón; o brazo esquerdo apegado ó corpo hastra o cóbado, e

dalí dobrado pra riba coa man encolgada, que, ó andar, abaneáballe coma unha bandeirola; o ollo esquerdo un pouco visguento, así como o bico debaixo que lle encolgaba tamén un pouco por aquela banda, ó que, así de comenzo o facía un algo repunante, pero acababa por facerse simpático a todo o mundo e ninguén lle quería mal.

Anque era parvo, senón por comprobante, pouco lle faltaría, sabía ler e coido que tamén escribir. Simpatizaba co bando agrario anticaciquil, ó que de cote se arrimaba. Os sábados que era cando saía “El Estradense”, prantábase xa de mañá ás portas da imprenta, e alí se botaba ás vegadas horas enteiras agardando a que saíra. Toleaba cunha seición dialogada en galego, á maneira de *Asieumedre* (Lugrís Freire) que eu escribía.

Non sei por qué serie de circunstancias caíra na manía de ser, ou de que era inxeñeiro, agardando a de cotío o “nombramento”. Á hora do reparto prantábase no correo a ver se lle chegaba, e dalí a calquer oficina pública onde tiveran a “Gaceta” que repasaba con todo coidado e pacencia, sin que xamais lle houbera chegado.

Moi pouco podo decir de “Callitos”. Namais sei que era abogado, outo, delgadoiro, vestía de negro, gabán longueiro e bimba, coma todo funcionario ou señorito gastaba daquela. E que ó ir andando facía o mesmo que se tivera cravos na sola dos zapatos coas puntas picándolle dentro, pol-o que non se sabía ben se andaba ou se beilaba.

Aquil garda E. Rey, escritor de moita vea, anque pouco publicara, nos tempos que estivo na Estrada fixéralle un soneto ou cousa parecida que se publicou nun daqueles preódicos de pouca vida que se teñen publicado na Estrada, e que poría eu eiqui con aprazamento se o tivera ou o recordara.

1959

Ken Keirades

Filosofía d-un soño (Rexouba)

[manuscrito] *Aproveitando a ocasión que me presenta o amigo Marito Blanco teño o gusto —ou quizaves o atrevemento— de mandarlle unha copia da miña última “rexouba” (a anterior foi alá polo ano 36) ó ilustre “Borobó” do cal tiven a sorte de que me pasara polas mans o libriño “Xohan Po’Reas”²⁷ que me gustou admirabelmente, anque doéndome de que non estivese feito en galego.*

Cun saúdo respetoso e cordial.

Ken Keirades

Calobre-A Estrada xulio do 54

Por unha folla de papal impreso que me chegou envolvendo un cepillo de dentes tiven notiza de S. A. Rodetzki, un señor que pol-o patronímeco fegura ser ruso, ou de por alá e que escribe sobra o orixe, [engadido, manuscrito] *natureza* e *siñificazón* dos soños, vendo alí que referíndose ós mesmos, di:

"que sin resgo a equivocarse moito, poidera deducirse que a Providencia, na sua bondá dreita ó home e na sua infinita sabiduría mesturou na natureza human os sonos co ouxeto de que sirvan ó home de aviso e poida sacar d-eles algún porveito".

Eu non vou a porme a discutir ó Sr. Rodetzki, pro, o que quixera era telo a man a ver que me contestaba en col d-un que eu tiven fai poucos días e que vou a ver se o collo, antes de que me fuxa.

Foi un gato, un gato negro que non puido ser o da casa, que tamén é negro, porque iste aínda o vexo por eiquí, e aquél matéino, estou ben seguro.

Eu estaba na eira, pol-a veira da casa. O motivo non-o sei. Quizáis non houbera motivo. Pro, o que sei ben é que o gato, que ademáis de negro era de volume mais que regular e pesado canto se quixer, pegóu un brinco e saltándome á taluga púxoseme ás sardiñas. Alí, abrazándome o pescozo, dou en apertarme bárbaramente cravándome as uñas con forza, pro d-un xeito tal coma se os brazos con que me apertaba foran, á sua ves, espiñentos. Era coma se me puxeran un colar d-ises que se lle pon ós cans pra defenderse dos outros cans que os ataquen; soio que, co-as pugas pra dentro, ¡E apertaba, apertaba! E, ó mesmo tempo, como lle cadraba en camiño, aporveitaba a oportunidade de espetarme os dentes con afinco no curuto da cabeza.

27 *Xoán Po’Reas, Burlador de Diablos (Leyenda fáustica)*, de Raimundo García Domínguez, ‘Borobó’, con limiar de Benito Varela Jácome, imprentouse , como edición de autor, en Santiago, 1954.

Eu din en saltar, en bailar, en correr, en berrear. Acudéu a xente; homes e mulleres, rapaces e todo. Pro non facían outra cousa que dar berros e amargos lamentos. Nin podían. E verdá que botaron por alí man de sachas, fouces, picanas, gallas e hastra croios, cada cal do que puido, pro, na desposición en que estaba o gato non podían mallar n-él sin mallar tamén en min. Ademáis, o Zapirón, ô ver alguen que se lle achegaba, daba en regalal-os ollos e ceibar uns bufidos tan lúgubres e agoreiros que metía medo e todos se fuxían.

E il, o maldizoado, seguía alí pegado como unha lapa e non solo se gozaba atenzándose o pescozo e meténdome os dentes na cachola, senon que, coas patas traseiras, como eu estaba lixeiro de rouoa, cacheábame os lomedros cravándose as uñas e rabuñándose sin ningunha cras de consideración.

Eu adoecía e desesperado berreille a un veciño que era cazador que fora pol-a escopeta. Deseguida chegou coíla e ôs tres pasos comenzo a apuntarme. Eu, ô ver o caño da escopeta car-a min, cheo de páneco, berrei:

-¡Alto! ¡Alto ahí!

Eu pensara ben como había de ser. Non se lle había de tirar de lonxe, senon chegarlle a boca do cañón a veira da pel, a boca de xarro, atravesalo, de través, con fin de que eu non peligrase. Pero, pol-o si, pol-o non, desbotei rápe-da e compretamente a idea da escopeta acordándose d-unha pistola. Unha bala era menos perigosa pra min que a munición que podía espallar e amolarme. Berrei pol-a pistola. Todo o mundo se botou a buscar unha pistola. Pro, como as pistolas limpáranas todas os fascistas, todos volveron sin pistola.

E o gato, sin escaldarse, seguía moi afouto na sua entretida tarefa de roerme na cabeza, acribillarme o pescozo e espetarme as uñas nos réns. E eu a correr, a saltar, a beilar e a berrear. Das mans non podía facer uso non sei por qué razón. Era como se tivera os brazos cosidos ô corpo.

Así estaba eu e así estaban todos, cando por antre as pernas da xente aparecen unha gatiña moi simpáteca conocida de todol-os veciños, pois anque era d-un soio, andaba pol-as casas de todos e todos lle queríamos ben; e ô chegar-me pol-a veira dou un maído melindreiro que, ô ouvílo o gato, sin pensalo mais, desprendeuse de min saltando acarón da gata pódose a facerlle festas

-¡Ai, sí?, dixen eu. ¡Deixa que as festas vóuchas a facer eu a ti!

E colléndolle a sacha a un que a tiña â veira, aguárdeille a parada, e dun golpe, dun solo, deixéino sin vida.

Atináralle na cabeza, pro, seguínlle sorregando, zorregando sin dor nin tré-gola, gozándose na niña vinganza hastra desfacelo de todo. ¡Alí foi a miña!

A vinganza, cando é merescida, ben debida, e pol-o mesmo xusta, ¡moito vos sabe! Din que é o pracer dos deuses, pro, tamen o pode ser dos que o non somos. Por iso temos que desexala sin descanso hastra que a xustiza se cumpra.

¿Qué foi da tua fouciña, doce e valente Rosalía? As vítimas “daques que ten fama de honrados na vila”, os aldraxados, os vilipendiados, os despoixados sin outra lei que a de “máis podo”, non temos que perder a mamoria. Esquecer afrontas d-esta caste é facerse tan vil coma os que as fixeron.

Non sei o que me diría Rodetzki. Pro, sendo como il di, os soños avisos da Providencia pra que d-iles quitemos algún porveito, o que me quixo dar a entender co meu foi o que veño espoñendo que é, en síntesi: "Non te esquezas da vinganza porque, co seu recordo, manterás vivo o teu esprito; e non perdas xamais a fe en que chegarán os tempos en que a xustiza se faga por unhas ou por outras mans e os teus verdugos, que son, asemade os da libertá, levarán o mesmo pago que o gato do teu soño. Vive co-isa espranza a xamais a perdas. “Créoo así, e así será”.

Teño pensado moito nos soños porque a Providencia soie ousequiarme co-iles con lamentable frecuencia, e case sempre dos tremendos. Como bo, non considero ningún, pois, incruso aqueles que nos trasportan a paraxes maravillosos ou nos poñen na man tesouros xamais soñados, tráguennos ô espertar a desilusión, dende logo penosa, de ver que todo era mentira. E, con referéncia ôs que chamei tremendos, eu creíaos produto de malestar físico: dixestións defeituosas, uns puntos de reumatismo, xaquecas, desacougo nervioso.... E tamén de fautores exteriores: mala cama, temperatura mais da conta sobida ou mais da conta baixa, podendo tamen ir na conta isa crase de insectos volátis, saltadores ou corredores que en ocasións asaltan ô mais pintado. En fin: toda molestia que se dea sofrido sin espertar. Pro, eu seguín lendo a Rodetzki n-aquil anaquiño de papel que me chegara ás mans pol-os meios e de que falei chegando a onde di que: “Santo Tomás pretende que Satanás é o orixe, o pai de todos os malos soños, e que pra provocalos colócase todas as noites â cabeceira do noso leito, pero, añade, que hai tamén ánxeles bos que procuran sonos beneficiosos”.

¿Con la Iglesia hemos dado, Sancho? E nada menos que con Santo Tomas ¡Santo Tomás! A águia dos doutores; o Anxel das escolas; a lumieira mais acesa da Iglesia enchendo a sua historia; o gran sabio que “lle daría a Deus moi bos consellos pra facer o mundo se llos houbera pedido”; “que non vía ningunha razón particular racionalmente en que iste mundo sea sin fin e, incruso sin principio”; que deixou sentado “que non había mais poder lexítimo que o procedente do pobo”. Aquel Santo, con maiúscula que se foi grande en saber tamen-o foi corporalmente; outo, fornido, varil, capás de fenderlle a táboa a unha mesa cun puñetazo ou a testa a un maniqueo que lle tosira. ¿Quién se vai a poñer con Santo Tomás? Hai que domear a cabeza. Eu non-a domearía ante Rodetzki, pero ante Santo Tornas, sí. De xeito

que hai que saber que tan pronto como apagamos a lús chega o demo a sentarse á cabeceira do noso leito. Seguidamente, chegan os anxeliños, que se terán que pôr ôs pés, pois co Demo non se levan nen il co-iles e terán que estar arredados [engadido manuscrito] *quedando o un i os outros â espera de que cerremos os ollos*, e ô momento escomenza a punna por ver quen ha de meter a súa [engadido manuscrito] *papeleta*. Porque os soños levaránnos amañados xa de antemán coma os locutores de radio, ou anque o non sexan, o que van a decir pol-o micrófono.

E o que ben podían facer, o menos pol-a miña parte, tanto o Demo coma os anxeliños era irse a dormir tamén alá cada cal ô seu reino deixándonos sin soños bos nin malos que é como mellor se descansa.

Sexa como fore, cando se está ben non se soña.

Xaneiro do 54

Ken Keirades